

Benvido á **wiki** de [Enxeñería Sen Fronteiras Galicia](#), onde atoparás todo o que sempre quixeches saber e nunca te atreviches a preguntar sobre o funcionamento de ESF. Na [web](#) de ESF podes atopar xa algunhas pinceladas sobre os eixos de traballo, quen forma a organización ou como contactar con ela. Pero neste espazo preténdese profundizar moito máis nos procedementos de traballo, protocolos de actuación e outros aspectos organizativos, con enlaces a moita documentación adicional. Como en calquer organización, os [Estatutos](#) son o documento básico que indica en liñas xerais o **propósito de constitución da mesma e como se organiza**.

Ademais seguro que vos interesará coñecer os eixos actuais que marcan o traballo de Enxeñería Sen Fronteiras e qué é o que persegue ESF con todo ese traballo. Iso podedes velo na [Planificación Estratéxica](#) de ESF Galicia, vixente até o ano 2013.

Que qué é ESF? ESF é **unha asociación independente sen ánimo de lucro baseada no voluntariado, que busca construír unha sociedade mundial xusta e solidaria mediante a cooperación para o desenvolvemento e poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano**.

Eres novo/a no voluntariado de ESF? [Pulsa aquí](#).

Para facela máis intuitiva, a wiki vai estar estruturada seguindo dúas lóxicas:

- 1) segundo as **áreas de traballo de ESF** (lóxica de **carpetas** que podedes ver na columna da esquerda da wiki)
- 2) segundo **grandes grupos de conceptos** (lóxica de **etiquetas**, que podedes ver abaixo de cada páxina)

1) SEGUNDO ÁREAS DE TRABALLO

ÁREAS DE TRABALLO BÁSICAS

- [Educación para o Desenvolvemento](#) (Inclúe Investigación para o Desenvolvemento)
- [Sensibilización](#)
- [Incidencia](#)
- [Programas Internacionais para a Cooperación ao Desenvolvemento](#)

ÁREAS TRANSVERSAIS DE APOIO

- [Voluntariado](#) (inclúe Formación Interna)
- [Administración e Tesouraría](#)

- [Sistemas de Información](#) e [Comunicación](#)

Ademais hai un apartado específico sobre [ORGANIZACIÓN INTERNA](#).

2) SEGUNDO GRUPOS DE CONCEPTOS

Se non atopas o que buscas seguindo a estrutura anterior, proba por aquí:

| [Actividades](#) | [Asuntos económicos](#) | [Asuntos informáticos](#) | [Comentarios e suxerencias](#) | [Como elaborar material](#) | [Contactos](#) | [Ferramentas 2.0](#) | [Filosofía](#) | [Formación](#) | [Funcións](#) | [Guías e procementos](#) | [Materiais para uso](#) | [Nivel básico de formación](#) | [Nivel intermedio de formación](#) | [Nivel avanzado de formación](#) | [Problemas e conflitos](#) | [Relacións institucionais](#) | [Voluntariado](#) | [Soberanía alimentaria](#)

NOTA PARA OS EDITORES: é moi importante que cando fagades un aporte á wiki o fagades seguindo ambas lóxicas, creando a nova entrada ou carpeta dentro dunha estrutura coherente en cada área de traballo, e engadindo unha ou máis das etiquetas propostas no punto 2 desta páxina (se queres engadir algunha, comproba ben que non exista unha parecida e que sexa realmente necesaria).